

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Na Casa do Concello de Valdoviño (Salón de Sesiós) réunese o día cinco de febreiro de dous mil dezaoto, a Corporación deste Concello para celebrar a sesión extraordinaria e urxente, que se convocou en data dous de febreiro por decreto alcaldía núm. 30/2018; con comenzo as dez horas en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Non asiste, don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V).

Actúa como secretaria a titular do Concello, dona Carlota González Navarro, asistindo tamén a interventora do Concello, dona Gema Leal Insua.

O alcalde, sendo a hora sinalada apertura a sesión para tratar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, que se pasan a consignar e adoptándose os acordos seguintes:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENZA DA SESIÓN.-

O Sr. Alcalde xustifica a convocatoria urxente desta sesión, porque hai que rectificar sobor do acordado na sesión plenaria do un de febreiro de 2018’.

2º.- RECTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 1.02.18 (PUNTO 2º DA ORDE DO DÍA: “APROBACIÓN DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA SOBRE PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 1/2018; NO QUE SE INCLÚEN FACTURAS DEIXADAS SEN TRAMITAR N OEXPTE. DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 5/2017”).-

Proposta de Alcaldía:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN (ACLARACIÓN/RECTIFICACIÓN) DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

1/2018, NO QUE SE INCLÚEN FACTURAS QUE FIGURAN EN RELACIÓN ANEXA (12 FACTURAS E DOUS ABONOS DE FACTURAS REFERIDAS A GASTOS DE XESTIÓN DA EDAR NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A DATA 18/05/2009 ATA 18/01/2010 E DO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 18/06/2010 ATA 18/12/2010 QUE ASCENDEN A UN IMPORTE DE 95.710,04 € E 4 FACTURAS DE INVERSIÓN DOUTROS EXERCICIOS QUE SUMAN UN IMPORTE DE 31.830,97 €. A DITA RELACIÓN INCLÚE FACTURAS QUE XA FORAN INCLUÍDAS NA RELACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 5/2017, TODA VEZ ACORDOUSE A CONVENIENCIA DA CELEBRACIÓN DUNHA REUNIÓN CON REPRESENTANTES DE VIAQUA SAU, ANTIGUA EMPRESA CUXA ANTIGA DENOMINACIÓN SOCIAL ERA AQUAGEST PTFA. S.A. PRONUNCIAMENTO SOBRE A CONFORMIDADE DA FACTURA EMITIDA EN DATA 23.11.2016 CON Nº 224-5/16 F

Aos efectos de elevar a sesión extraordinaria Plenaria a proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2018, no que se inclúen parte das facturas deixadas sin tramitar no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 5/2017, en vista da celebración da dita reunión en data 29.01.2018, sométeuse a ditame da comisión informativa a seguinte proposta de determinación das facturas que deberían ser conformadas aos efectos de continuar coa tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial, ou que se determinase a súa non conformidade aos efectos de devolvelas.

Redactado ditame proposta que se cerra en comisión informativa e elevado ao Pleno o dito acordo, acórdase a adopción do seguinte (procede a transcribirse), segundo borrador de acta

Acordo sesión plenaria mencionada, celebrada en data **01.02.18**, que se reproduce textual do borrador da acta:

''O Pleno ACORDOU en votación ordinaria e por maioría: Votos a favor do grupo municipal PP (4 votos) e abstencións dos restantes grupos asistentes á sesión: PSOE, BNG, CENVAL (8 votos):

PRIMEIRO.- Aprobación da factura nº224-6/14F, (por importe 2.445,41 euros), e factura nº224-26/1F, (por importe 6.971,32 euros) a factura nº224-15/99F, (por importe 12.893,00 euros) por ser conformadas ao recoñecerse a realización dos traballos.

SEGUNDO.- *Rexeitar a aprobación da factura nº224-8/12F, (por importe 9.521,24 euros), por entender prescrito o dereito ao cobro do concesionario.*

O Pleno ACORDOU en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión

(12 votos):

TERCEIRO.- *REXEITAR a aprobación das facturas e abonos comprendidos entre 18-05-09 a 18-01-2010, e as facturas e abonos comprendidos entre 18-06-2010 a 18-12-2010 en concepto da xestión EDAR, por non ser conformadas, por considerar que nalgún mes a EDAR estivo paralizada, e nos restantes os traballos de xestión non foron completos pola totalidade das prestacións establecidas, e en consecuencia, os importes non se consideran adecuados''.*

Visto o borrador da acta transcrita, remitida a supervisión aos concelleiros que acudiron a sesión Plenaria, e aos servizos económicos con posterioridade, advírtese pola intervención que non se fixo constar na parte expositiva da proposta que en referencia as facturas correspondentes a investimentos, requirida documentación en referencia a acreditación da efectiva execución das mesmas, indicar que non constan documentos de acta de recepción, nin designación de dirección de obra ou certificación de obra executada presentada ante os servizos económicos, sendo relevante e esencial a aportación da dita documentación para as obras de maior complexidade técnica, advertido de elo o concelleiro Sr. Jose Antonio Rodríguez Fernández, require que se debe aclarar na acta o contido da súa intervención en referencia ao indicado sobre determinar a conformidade das facturas de investimento (duplicados de facturas con nº de rexistro contable de facturas F/2017/3121(12.893, 00 €) e F/2017/3122 (6.971,32 €), e estos efectos convócase pleno extraordinario coa máxima celeridade en data 05.02.2017.

Verificado tamén en momento posterior pola intervención que o duplicado de factura (F2017/3121) presentado por rexistro de entrada de documentos da dita factura non ten correspondencia coa copia presentada no ano 1999, variando o dato do terceiro.

Igualmente solicítase polos servizos económicos que exista aclaración en referencia a factura nº 224-5/16 referida a “Conexión do baño da praia a rede municipal segundo acordo de Xunta de Goberno” (pese a non inclusión da factura no recoñecemento extraxudicial de crédito, pero aos efectos de responder motivada a petición da empresa, na que reclama a dita factura), e sobre a que se solicitaba pronunciamento na proposta de ditame da comisión informativa.

PROPONSE:

ACORDAR, Non dar a conformidade ao importe da factura sen que conste documentación técnica (certificacións de obra, acta de recepción informe da dirección de obra responsable...), devolver o duplicado da factura (224-15/99F) presentado en data 06.12.2017 por rexistro de entrada de facturas por defectos formais no dato de identificación do terceiro e requirir a adecuada presentación dos mesmos, xunto coa aportación da documentación técnica referida da dita obra (certificacións e actas de recepción asinadas polo director de obra responsable...),

toda vez no concello non se atopan.

E Valdoviño, a 2 de febreiro de 2018
O Alcalde;
Asdo; Alberto González Fernández”

INTERVENCIONES

Toma a palabra o concelleiro responsable do servizo na data de execución das obras de investimento referidas (Sr. Rodríguez Fernández), facendo constar que lle consta a realización de ambas actuacións de investimento referidas a 2ª fase da obra colector de auga potable en Lagoa a Frouxeira e obra de abastecemento de auga potable en Meirás. Indica que a segunda das actuacións refírese a unha obra simple descrita no concepto da factura dando a conformidade a correcta realización dos traballos e acorde cos prezos pactados, en referencia a primeira das facturas, indicar que se refire a unha obra complexa, e pese a recordar que a obra se efectuou, considera necesario que quede acreditada unha comprobación técnica da súa execución, mediante a presentación da certificación referida e da final e acta de recepción para verificar que existen importes totais adebedados, a estes sin a presentación da dita documentación non quedaría xustificada a adecuada valoración dos traballos.

En relación a segunda cuestión plantexada toma a palabra o concelleiro Sr Vigo, que desempeñou o cargo de Alcalde na data que que os traballos se realizaron e entregaron ao concello, facendo constar tamén que non se considera adecuado a inclusión no prezo da instalación de contadores por ser o seu destino servizos municipais, na parte da obra que non implica a facturación de unidades de obra de ampliación de rede, visto o establecido no prego do contrato de concesión , logo de non variar a empresa o importe facturado, considerárase necesario iniciar a revisión do acordo de adxudicación adoptado no seu día, dando de baixa os ditos importes.

Despois das intervencións sometese a votación polo Pleno o acordo da proposta do que se reitera a parte dispositiva:

“**ACORDAR**, Non dar a conformidade ao importe da factura sen que conste documentación técnica (certificacións de obra , acta de recepción informe da dirección de obra responsable...), devolver o duplicado da factura (224-15/99F) presentado en data 06.12.2017 por rexistro de entrada de facturas por defectos formais no dato de identificación do terceiro e requerir a adecuada presentación dos mesmos, xunto coa aportación da documentación técnica referida da dita obra (certificacións e actas de recepción asinadas polo director de obra responsable...), toda vez no concello non se atopan.”

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (grupos PSdeG-PSOE, PP, CENVAL, BNG) acorda a aprobación da proposta da Alcaldía de aclaración- rectificación e devolución do duplicado da factura nos termos expresados en dita proposta.

Non tendo máis asuntos na Orde do Día, cando son as once horas e quince minutos, a sesión quedou levantada pola Presidencia. Do que como Secretaria, CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,